



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 20 de xuño de 2025, tomou os seguintes acordos en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3025

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Urbanística e Ordenación do Territorio

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Centro: ETS de Arquitectura

Tras analizar a documentación da praza 25/3025, a reclamación presentada por **Dona Cristina Botana Iglesias** e o informe emitido pola Comisión de selección, a Comisión de reclamacións quere facer constar que:

_a Normativa de selección do persoal docente e investigador aprobada polo Consello de goberno con data de 7 de novembro de 2024 establece, entre outros aspectos, que os méritos en especialidades de coñecemento non afíns multiplicaranse por 0,1 e que os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con 2,5 puntos se as revistas están incluídas en Scopus ou na Web of Science.

Na secuencia do anterior, a Comisión de reclamacións ACORDA:

_que a Comisión de selección ten que realizar a valoración dos artigos en revistas científicas achegados por todas as persoas candidatas conforme ao establecido na Normativa vixente, valorando con 2,5 puntos os publicados en revistas indexadas en Scopus ou na Web of Science

_que a Comisión de selección debe realizar a valoración dos libros e capítulos de libro conforme aos coeficientes de non afinidade establecidos na Normativa, isto é, multiplicando por 0,1 non por 0, os méritos non afíns

_que a Comisión de selección non pode diminuír a puntuación asignada aos méritos das persoas reclamantes como consecuencia da interposición da reclamación

_que logo de revisados os puntos citados, a Comisión de selección debe achegar un novo Excel que recolla as puntuacións conforme á Normativa e unha nova proposta de provisión que as reflexe

_facer público este acordo

Tras analizar a documentación da praza 25/3025, a reclamación presentada por **Don Antonio García Fernández** e o informe emitido pola Comisión de selección, a Comisión de reclamacións quere facer constar que:

_a Normativa de selección do persoal docente e investigador aprobada polo Consello de goberno con data de 7 de novembro de 2024 establece, entre outros aspectos, que os méritos en especialidades de coñecemento non afíns multiplicaranse por 0,1 e que os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con 2,5 puntos se as revistas están incluídas en Scopus ou na Web of Science.



Na secuencia do anterior, a Comisión de reclamacións ACORDA:

_que a Comisión de selección ten que realizar a valoración dos artigos en revistas científicas achegados por todas as persoas candidatas conforme ao establecido na Normativa vixente, valorando con 2,5 puntos os publicados en revistas indexadas en Scopus ou na Web of Science

_que a Comisión de selección debe realizar a valoración dos libros e capítulos de libro conforme aos coeficientes de non afinidade establecidos na Normativa vixente, isto é, multiplicando por 0,1 non por 0, os méritos non afíns

_que a Comisión de selección debe dar resposta cumprida a todas as alegacións presentadas polo reclamante

_que a Comisión de selección non pode diminuír a puntuación asignada aos méritos das persoas reclamantes como consecuencia da interposición da reclamación

_que logo de revisados os puntos citados, a Comisión de selección debe achegar un novo Excel que recolla as puntuacións conforme á Normativa e unha nova proposta de provisión que as reflexe

_facер público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández